



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Descrición Decreto: PROPOSTA DE NOMEAMENTO FUNCIONARIO/A INTERINO/A TECNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. COMPOSICIÓN TRIBUNAL E DATA DA PROBA TIPO TEST. (EXPTE. TEDEC: 2024/E001/000004)

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

En Sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 25 de abril de 2024 aprobouse convocatoria das bases para unha bolsa de emprego de funcionario/a interino/a de técnico de normalización lingüística.

Ditas bases foron publicadas no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello o día 3/05/2024.

Visto que o día 09/07/2024 saíu publicado no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa a listaxe provisional de admitidos e excluídos e a causa de exclusión.

Visto que o día 31/10/2024 saíu publicada no taboeiro da sede electrónica a acta n.º 1 coas puntuacións provisionais da proba tipo test, dando cinco días hábiles para alegacións a partir do seguinte a publicación da acta no taboleiro de anuncios do Concello.

“ACTA N.º 1 DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO TÉCNICOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA.

Reunidos ás 11:00 horas en data 30/10/2024 no Concello de Arzúa, e ás 12:16 horas na Aula Cemit do Concello os membros do Tribunal de selección do proceso de selección para contratación dun/dunha funcionario/a interino/a como técnico de normalización lingüística do Concello de Arzúa segundo bases de selección aprobadas por Xunta de Goberno, de data 25/04/2024 publicadas no BOP N.º 86 de data 3 de maio de 2024.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do Alcalde n.º 756/2024, de data 24/10/2024 e rectificado no decreto 757/2024 de data 25/10/2024 e dilixencia de corrección de erros publicado no mesmo día no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, aprobando a lista definitiva e fixando a data de constitución e realización da proba tipo tests os membros do Tribunal cualificador:

Estando presentes :

Presidente titular: José Benito Novo Diaz. Normalizador do Concello de Lugo.

Vogal titular: Purificación Galán Boutureira. Coordinadora Territorial dos equipos de dinamización da lingua galega da provincia de A Coruña.

Vogal titular: Carlos Rodríguez Pérez. Secretaria Xeral do Centro Autonómica de Formación e Innovación

Secretario: Joaquim Vázquez Rodríguez. Normalizador do Concello de Melide.

Non podendo asistir a vogal, Rosa Moreiras Cuñarro por causas debidamente xustificadas de índole persoal, Normalizadora do Concello de Ames.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Dada a presenza tanto do Presidente como do Secretario, así como dos vogais titulares do presente tribunal, agás Rosa Moreiras Cuñarro, polo motivo exposto anteriormente, considérase cumprido o requisito preceptivo para a súa válida constitución e actuación, polo que aberta a sesión polo Presidente, declárase por éste **constituído o Tribunal de Selección do proceso selectivo** de referencia.

O Tribunal conta coa asistencia como colaboradora para as xestións administrativas e para facilitar o acceso ao aplicativo informático de xestión de expedientes, a fin de analizar a documentación dos aspirantes, con **Dña. María José Lage Vázquez**, ADL do Concello de Arzúa.

Polo Presidente declárase constituído Tribunal e procédese polo Secretario á lectura das bases aplicables a este procedemento selectivo tal como segue:

FASE DE OPOSICIÓN:

Será o de oposición libre.

A oposición constará de dous exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte exercicio as/os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os exercicios practicaranse en chamamento único, sendo suspendido quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

1.-Exame tipo test. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Exame tipo test de 30 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 45 minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,50 puntos, e cada resposta errada restará 0,20 puntos. As respostas en branco non penalizarán. Será cualificado cunha puntuación de 0 a 15 puntos sendo necesaria para superalo unha puntuación mínima de **7,5 puntos**.

O Tribunal por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO: Realizar a seguinte proba de oposición :

1- Cal destes enunciados é incorrecto?

- a) **Foi el, o sazon alcalde de Arzúa, quen construíu o edificio.**
- b) Foi el, daquela alcalde de Arzúa, quen construíu o edificio.
- c) Foi el, naquel tempo alcalde de Arzúa, quen construíu o edificio.
- d) Todos son correctos.

2- Cal destas frases é correcta?

- a) A secretaria do Concello de Arzúa levantou acta da reunión.
- b) A secretaria de Arzúa levantou acta da reunión a efectos oportunos
- c) A secretaria de Arzúa levantou acta para os efectos oportunos.
- d) **Ningunha delas é correcta.**

3- En que artigo da Lei/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística aparece que os topónimos terán como única forma oficial a galega?

- a) **10**
- b) 9
- c) 8
- d) 7

4- En que data publicou Castelao o seu libro *Sempre en Galiza*?

- a) **10 de marzo de 1944**
- b) 10 de marzo de 1945
- c) 10 de marzo de 1943
- d) 10 de marzo de 1942

5- Deseñar unha campaña de normalización lingüística para o Concello de Arzúa é unha actuación en relación co:

- a) corpus da lingua
- b) **estatus da lingua**
- c) estatus e corpus
- d) con ningún dos dous.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

6- As palabras *barro*, *parra* e *sapo* a que substrato da lingua se atribúen?

- a) **preindoeuropeo**
- b) celta
- c) paracelta
- d) orixe descoñecida.

7- En que ano se funda a Real Academia Galega na cidade da Coruña?

- a) **1906**
- b) 1907
- c) 1905
- d) 1908

8- En que ano foi creado o Seminario de Estudos Galegos?

- a) **1923**
- b) 1924
- c) 1925
- d) 1922

9- Cal destes enunciados é incorrecto?

- a) Ese non chega deica o bar sen caer
- b) Ese non chega até o bar sen caer
- c) Ese non chega ata o bar sen caer
- d) **todos son correctos.**

10- Que forma verbal do copretérito de indicativo do verbo caer é incorrecta?

- a) caía
- b) **caíamos**
- c) caían
- d) todos son correctas.

11- En que ano se aprobou por unanimidade parlamentaria o Plan xeral de normalización da lingua galega?

- a) 2003
- b) **2004**
- c) 2005
- d) 2009

12- Cal dos seguintes substantivos presenta marca de xénero incorrecta?

- a) o fin
- b) a cal
- c) o cal
- d) **todas as marcas de xénero son correctas.**

13- Cal non é correcta?

- a) **acuse de recibo**
- b) baseándose en...
- c) xuros de mora
- d) na marxe.

14- Cal é o xentilicio de Arzúa?. ANULADA. Pásase a primeira pregunta de reserva.

- a) arzuao/arzúa
- b) arzúan/arzúa
- c) arzuán/arzuán
- d) arzuense/arzuensa.

15- Cal é o enunciado correcto?

- a) Ambos rapaces viñeron onte.
- b) Todos os rapaces viñeron onte.
- c) **Ambos os rapaces viñeron onte.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

d) Todas son correctas.

16- Indique a opción máis acaída

- a) Nunca se pon coma, punto e coma nin dous puntos antes de paréntese.
- b) A coma (,) non debe usarse antes dos puntos suspensivos (...).
- c) A coma nunca se debe utilizar antes das comiñas.

d) Todas son correctas.

17- O asterisco * emprégase para

- a) En crítica serve, duplicado, para encerrar lagoas dun texto.
- b) En informática significa multiplicación.
- c) Úsase como chamada de nota.

d) Todas son correctas.

18- Os acrónimos

- a) Escríbense con maiúsculas.
- b) Levan puntos entre as letras que os conforman.
- c) **Abrevian máis dunha palabra usando máis cá primeira letra.**
- d) Rematan cun punto.

19- Os símbolos

- a) Son de libre creación por parte do cidadán.
- b) Levan punto abreviativo ao final.
- c) Admiten o morfema de plural.
- d) **Non son de libre creación por parte dos usuarios.**

20- Cal é a frase correcta?

- a) O Concello de Arzúa acordou estudar a situación.
- b) **O Concello de Arzúa estudou a situación.**
- c) O Concello de Arzúa, decidiu non estudar a situación.
- d) Polo Concello de Arzúa estudouse a situación.

21- Cal é a palabra correctamente escrita

- a) **Teórico-práctico.**
- b) Euscaro.
- c) Kárate.
- d) Habitat.

22- En galego "vía de apremio".

- a) É unha expresión incorrecta.
- b) **É unha expresión menos recomendable ca "vía de prema".**
- c) O correcto é "vía de premio".
- d) Significa "vía de proximidade".

23- No bloque central no que se encadra o galego falado en Arzúa

- a) Dise "isto", "pantalóis" e irmán.
- b) **Dise "mazá" e teñen a terminación "-llelo".**
- c) Dise "cuatro" e teñen ceceo.
- d) É incorrecto todo o dito anteriormente.

24- Para opoñer a auxiliar administrativo, que CELGA necesito

- a) CELGA 2
- b) **CELGA 3**
- c) CELGA 4
- d) CELGA 5

25- Indique a opción correcta: os obxectivos xerais do Plan xeral de normalización lingüística son:

- a) Garantirle a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe co amparo da lei e das institucións.
- b) Consegui-la para a lingua galega máis funcións sociais e espazos de uso, priorizando sectores estratéxicos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

c) Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.

d) Todas son correctas.

26-Que artigo do Estatuto de autonomía de Galicia recolle: *Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva das seguintes materias: A promoción e o ensino da lingua galega*

a) Artigo 25

b) Artigo 26

c) Artigo 27

d) Ningún dos anteriores

27-En que artigo do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais se recolle o seguinte: *As convocatorias das sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e ditames das comisións informativas redactaranse en lingua castelá ou na lingua oficial da comunidade autónoma á que pertenza a entidade, de acordo coa lexislación aplicable e cos acordos adoptados respecto a iso pola correspondente corporación.*

a) Artigo 13

b) Artigo 24

c) Artigo 86

d) Artigo 84

28-En que ano se fundaron as Irmandades da Fala

a) 1916

b) 1926

c) 1914

d) 1936

29-O substantivo "Vertido"

a) É incorrecto no galego normativo.

b) É correcto o seu uso, pero non é unha forma recomendable .

c) O correcto é "verquedura".

d) "Verquido" é a forma normativa recollida no dicionario da RAG.

30-Cal das seguintes frases é correcta en galego normativo?

a) Escrito recollendo propostas da cidadanía.

b) Arranzando o problema, poderemos actuar.

c) Resolución sancionando infractores.

d) Deu por finalizado o acto, entregando a continuación os premios.

RESERVA

1-Cal das seguintes frases é correcta?

a) Teñen que revisaren as resolucións.

b) Queremos solicitarmos outros cursos.

c) Para falares co alcalde, tes que pedir cita.

d) Ningunha é correcta.

2-Temos algún castelanismo morfolóxico a continuación?

a) A "p" é moi usada en galego.

b) O paisaxe galego en outono é precioso.

c) O paréntese úsase moito na linguaxe administrativa.

d) En todas as frases anteriores temos algún castelanismo.

3- Cal dos seguintes verbos está correctamente escrito e se usa como reflexivo en galego normativo?

a) Cansarse

b) Enfermarse

c) Inventarse

d) Arrepentirse



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

4-Asemade

- a) É sinónimo de “así mesmo”.
- b) Significa “tamén” ou “igualmente”.
- c) Como conxunción significa “tan pronto como”.**
- d) As tres opcións anteriores son incorrectas en galego normativo.

As 12:16 horas faise chamamento para a realización proba tipo test na Aula Cemit do Concello de Arzúa ó que se despraza o tribunal

Presentáanse os seguintes aspirantes:

Nome e apelidos	DNI
ELIA LAGO PEREIRA	***7855**
MARIA NURIA SEOANE BOUZAS	***2112**
ANDRÉS VIDAL PAILOS	***7621**
LAURA GIL RODRÍGUEZ	***8867**
PAULA ALEXANDRE TEIXEIRO	***9684**
MARIA TORRE RODRÍGUEZ	***9690**
UXÍA GARCÍA CONDE	***1116**

Todos/as aspirante teña un tempo de realización de 45 minutos así como cinco días hábiles de alegacións fronte a proba e cualificacións outorgadas a mesma.

Os membros do Tribunal procedendo a valoración da proba tipo teste ACORDOU por unanimidade :

UNICO.- Excluir por non terse presentado á proba de oposición os aspirantes que seguen:

Nome e apelidos	DNI
XISELA MINIA FUCIÑOS VÁZQUEZ	***3067**
DAVID REBOLO MAGARIÑOS	***9402**
VANESA VIEITES ABELENDAS	***6060**
LAURA CAAMAÑO PEREZ	***0616**

Outorgar as seguintes puntuacións provisionais dando cinco días hábiles para alegacións a partir do seguinte a publicación da acta no taboleiro de anuncios do Concello .en relación as preguntas e cualificación das probas :

Nome e apelidos	DNI	APTO/ NON APTO
ELIA LAGO PEREIRA	***7855**	NON APTO
MARIA NURIA SEOANE BOUZAS	***2112**	8,3
ANDRÉS VIDAL PAILOS	***7621**	NON APTO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

LAURA GIL RODRÍGUEZ	***8867**	8
PAULA ALEXANDRE TEIXEIRO	***9684**	7,7
MARIA TORRE RODRÍGUEZ	***9690**	NON APTO
UXÍA GARCÍA CONDE	***1116**	NON APTO

Unha vez rematado o prazo de cinco días hábiles de alegacións fronte a proba e cualificacións outorgadas a mesma, o tribunal reunírase para resolvelas antes da proba práctica, elevándose a definitiva no caso de non habelas, que será publicado no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa, a resolucións das alegacións, así como a data do seguinte exercicio práctico.

Polo Presidente sendo as 14:45 horas levántase esta sesión, de todo o que como Secretario do tribunal dou fe, remitíndose a acta para sinatura do visto bo do Presidente e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :
“

Visto a acta nº 2 publicada no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa na data do 15/11/2024, onde se responde as alegacións presentadas.

“ACTA N.º 2 DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO TÉCNICOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA. RESOLUCIÓN ALEGACIÓN.

Reunidos ás 10:00 horas en data 15/11/2024 no Concello de Arzúa, os membros do Tribunal de selección do proceso de selección para contratación dun/dunha funcionario/a interino/a como técnico de normalización lingüística do Concello de Arzúa segundo bases de selección aprobadas por Xunta de Goberno, de data 25/04/2024 publicadas no BOP N.º 86 de data 3 de maio de 2024.

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do Alcalde nº 756/2024, de data 24/10/2024 e rectificado no decreto 757/2024 de data 25/10/2024 e dilixencia de corrección de erros publicado no mesmo día no taboeiro de anuncios da sede electrónica municipal, aprobando a lista definitiva e fixando a data de constitución e realización da proba tipo tests os membros do Tribunal cualificador:

Estando presentes :

Presidente titular: José Benito Novo Díaz. Normalizador do Concello de Lugo.

Vogal titular: Purificación Galán Boutureira. Coordinadora Territorial dos equipos de dinamización da lingua galega da provincia de A Coruña.

Vogal titular: Carlos Rodríguez Pérez. Secretaria Xeral do Centro Autonómica de Formación e Innovación

Secretario: Joaquim Vázquez Rodríguez. Normalizador do Concello de Melide.

Non podendo asistir a vogal, Rosa Moreiras Cuñarro por causas debidamente xustificadas de índole persoal, Normalizadora do Concello de Ames.

Este tribunal responde as alegacións presentadas:

- Solicitud de repetición dun exame dun proceso selectivo de persoal no Concello de Arzúa por non se cumpri-lo Real decreto 896/1991, de 7 de xuño (artigo 4.º, epígrafe C)

Non aceptada. Véxase o **informe xurídico de secretaría (Anexo I)**.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

- Que presento alegacións á acta núm. 1 do Tribunal para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as como técnicos/as de normalización lingüística do Concello de Arzúa:

1. Na pregunta 2 do exame do 30/10/2024: Dáse por boa a resposta c) "Ningunha delas é correcta", cando o Dicionario da Real Academia Galega recolle, se buscamos "acta", nas "Frases e expresións con acta", o seguinte: Levantar acta // Facer constar en acta, legalmente. // Exemplo: O secretario levantou acta da reunión.

Por tanto, podería ser correcta a resposta a), posto que "A secretaria do Concello de Arzúa levantou acta da reunión" podería considerarse o mesmo caso que o que cita o Dicionario da RAG ("O secretario levantou acta da reunión").

2. Na pregunta 23: Dáse por boa a resposta b) "Dise "mazá" e teñen a terminación "-llelo". As Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega publicadas pola Real Academia Galega en 2003 recollen, no apartado 2.7.2 "O verbo con pronome enclítico e cos alomorfos do artigo lo(s), la(s)", entre os exemplos de verbos que levan pronomes enclíticos, "fixéronllelo". No apartado 9 das ditas Normas, "Sufixos e terminacións" tampouco figura "-llelo" como tal terminación. O "-llelo" considérase unha concorrencia dos pronomes en dativo co acusativo de 3.ª persoa, procedente de lle sumarmos ao pronome de dativo "lles" o acusativo "o/lo" (lles+o/lo=llelo), e non unha terminación en si. Por tanto, podería ser correcta a resposta d) e non a b).

O tribunal acepta a primeira parte da alegación, polo que se valora a resposta á segunda opción das preguntas de reserva.

O tribunal decide rexeitar a segunda parte da alegación. A cuestión semántica que alega non se considera pertinente, ademais, non afeta á resolución da resposta á pregunta.

Arzúa, 15 de novembro de 2024

O presidente
José Benito Novo Díaz

O secretario
Joaquín Vázquez Rodríguez

Vogais
Purificación Galán Boutureira

Carlos Rodríguez Pérez

Anexo I

ASUNTO: ALEGACIÓN DE P* A*** T*** E M*** T*** R***, NO PROCESO SELECTIVO DE TÉCNICAS(OS) PARA O SNL (SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA).**
EXPEDIENTE TEDEC: 2024/E001/000004

INFORME XURÍDICO DE SECRETARÍA

ANTECEDENTES

- Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as como técnicos de normalización lingüística, publicadas no BOP nº 86 de 3 de maio de 2024.
- Solicitud de Doña ++++++, de data 7 de novembro de 2024, na que interesa que se cumpra o Decreto 896/1991, de 7 de xuño, garantindo o anonimato dos aspirantes nos exercicios das probas selectivas.
- Solicitud de Doña ++++++, de data 8 de novembro de 2024, na que interesa a repetición do primeiro exame do proceso selectivo cumprindo a legalidade vixente, xa que na súa realización non se respectou o anonimato dos aspirantes, infrinxindo deste xeito o disposto no Real Decreto 896/1991, no seu artigo 4º.
- Providencia verbal da Alcaldía de data 13 de novembro de 2024

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA, no sucesivo).
-Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño.

FONDO DO ASUNTO

No primeiro exame do proceso selectivo do que se trata neste informe, exame tipo test, non respectouse o anonimato dos participantes, xa que no primeiro dos folios de dito exame había que poñer o nome e os apelidos, polo que se infrinxíuse o artigo 4. letra c), inciso 2º. do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, cando dispón: "...na realización dos exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes."

Dito acto é un suposto de anulabilidade por defecto de forma á vista do artigo 48, puntos 1º e 2º da LPA, ao dicir: "1. Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder. 2. Con todo, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados".

Deste xeito, o que hai que determinar é si a falta de anonimato no exame tipo test que se realizou, fai que o acto en si careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar a indefensión dos interesados.

No presente suposto, **e tendo en conta que a nota de corte xa viña predeterminada con anterioridade á realización do exame, pois a mesma xa figura nas bases da convocatoria**, a falta de anonimato en ningún caso puido determinar o resultado do exame, no senso de que poidera ser manipulado polo Tribunal ao coñecer o nome e o apelidos dos aspirantes, xa que a súa corrección viña predeterminada por un mecanismo automático e obxectivo que non era susceptible de adulteración en ningún caso, e, ademais, a nota de corte tamén viña predeterminada con anterioridade pois figura nas bases da convocatoria, **o que fai que o resultado do exame houbera sido o mesmo de respectarse o anonimato dos aspirantes.**

Por tanto, hase de concluir que estamos ante un defecto de forma, pero que o mesmo non fai que o acto en si careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar a indefensión dos interesados, polo que dito defecto de forma, conforme ao artigo 48.2 non determina a anulabilidade do acto e por elo non hai que repetir o exame.

Neste mesmo sentido, cabe citar a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de decembro de 2001 que ven a sinalar que a falta de anonimato, que constitúe un defecto de forma, non ten relevancia nun exame tipo test, a diferenza do que sucedería nun exame escrito, donde si habería que repetir o exame.

O Secretario. "

Visto o decreto nº 851/2024 do 18/11/2024 das puntuacións definitivas da proba tipo test, e data dos suposto práctico.

Visto a acta nº 3 publicada no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa o 21/11/2024.

"ACTA N.º 3 DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO TÉCNICOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARZÚA.

Reunidos ás 09:00 horas en data 20/11/2024 no Concello de Arzúa, os membros do tribunal do proceso de selección para contratación dun/dunha funcionario/a interino/a como técnico de normalización lingüística do Concello de Arzúa segundo bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 25/04/2024 publicadas no BOP Nº 86 de data 3 de maio de 2024.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Logo de ser nomeados e convocados a esta sesión por decreto do alcalde nº 756/2024, de data 24/10/2024 e rectificado no decreto 757/2024 de data 25/10/2024, e dilixencia de corrección de erros publicada no mesmo día no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, onde se aproba a lista definitiva e se fixa a data de constitución e realización da proba tipo tests os membros do tribunal cualificador:

No que están presentes:

Presidente titular: José Benito Novo Díaz. Normalizador do Concello de Lugo.

Vogal titular: Purificación Galán Boutureira. Coordinadora territorial dos equipos de dinamización da lingua galega da provincia da Coruña.

Vogal titular: Carlos Rodríguez Pérez. Secretaria do Centro Autonómica de Formación e Innovación

Secretario: Joaquim Vázquez Rodríguez. Normalizador do Concello de Melide.

Rosa Moreiras Cuñarron normalizaora do Concello de Ames, non asiste por causas debidamente xustificadas.

O tribunal conta coa asistencia como colaboradora para as xestións administrativas e para facilitar o acceso ao aplicativo informático da xestión dos expedientes, con **Dña. María José Lage Vázquez**, AEDL do Concello de Arzúa

Desprázase o tribunal ás 10:00h do mesmo día á aula Cemit onde se convocaron os aspirantes que superaron a proba tipo test para a realización do suposto práctico de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio consistirá na realización nun tempo máximo de 60 minutos, dun suposto práctico determinado polo tribunal relacionado cun suposto/situación de carácter teórico - práctico, referido ao contido do temario anexo e relacionado coas funcións do posto de traballo, determinado polo tribunal avaliador.

A cualificación máxima deste exercicio será de 20 puntos sendo necesario acadar polo menos 10 puntos para superalo. Como criterio de valoración, ademais dos coñecementos expostos, o tribunal considerará a orde nas ideas/conceptos, claridade expositiva e capacidade analítica e pragmática dos aspirantes na resolución do problema/situación formulado.

O suposto práctico consistiu en traducir ao galego normativo o seguinte texto:

“Por Resolución de la Dirección General de Carreteras de fecha 2 de junio de 2022 se aprueba técnicamente la Modificación nº1 de la obra arriba indicada y se ordena a esta Demarcación de Carreteras la incoación del expediente de expropiación forzosa de los bienes y derechos afectados por las obras de ejecución del proyecto aprobado.

Es de aplicación el artículo 12 de la Ley 37/2015, de 29 de septiembre de Carreteras. La tramitación del correspondiente expediente expropiatorio se ha de ajustar, por tanto, a la vigente Ley de Expropiación Forzosa, de 16 de diciembre de 1954 y concordantes de su Reglamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia esta Demarcación, haciendo uso de las facultades que le otorga el artículo 98 de la Ley de Expropiación Forzosa y atendiendo a lo señalado en la citada legislación de Expropiación Forzosa, ha resuelto convocar a los propietarios que figuran en la relación que estará expuesta en los tablones de anuncios de los Ayuntamientos de Arzúa, Melide y Santiso, así como en el de esta Demarcación de Carreteras (C/Antonio Machado, nº45 - 15071 A Coruña), para que asistan al levantamiento de las Actas Previas a la ocupación en el lugar, días y horas que a continuación se indican:

Término municipal de Arzúa

Lugar: Ayuntamiento de Arzúa. Rúa Santiago, 2. 15810 Arzúa (A Coruña)

Día: 20 de julio de 2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Hora: de 09:00 a 11:30 horas. Desde Barral Camba, Jesús Alberto y Cutrín Tato, Isolina hasta Penas Alamancos, Marcelino

Término municipal de Santiso

Lugar: Ayuntamiento de Santiso. Agro do Chao, s/n-Arcediago. 15808 Santiso (A Coruña)

Día: 20 de julio de 2022

Hora: de 12:30 a 14:00 horas. Desde Agra Fernández, Soledad y Varela, Julio hasta Varela Rodríguez, Engracia

Término municipal de Melide

Lugar: Ayuntamiento de Melide. Praza do Convento, 5. 15800 Melide (A Coruña)

Día: 21 de julio de 2022

Hora: De 09:00 a 14:00 horas. Desde Arias Pérez, Esther hasta Vázquez Regueiro, José y Fuciños Roibas, Gloria Luz Divina.

Además de los medios antes citados, se dará cuenta del señalamiento a los interesados, mediante citación individual y a través de la inserción del correspondiente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de A Coruña, en dos diarios de la provincia y en el Boletín Oficial del Estado.

Esta última publicación, a tenor de lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, servirá como notificación a los posibles interesados no identificados, a los titulares de bienes y derechos afectados que sean desconocidos y a aquellos de los que se ignore su paradero.

A dicho acto deberán comparecer los titulares de los bienes y derechos que se afectan, personalmente o representados por persona debidamente autorizada, aportando los documentos acreditativos de su titularidad y el último recibo del impuesto sobre Bienes Inmuebles, pudiendo hacerse acompañar, a su costa, de Peritos y Notario.

Es de señalar que esta publicación se realiza, además, a los efectos de información pública contemplados en los artículos 17.2, 18 y 19.2 de la Ley de Expropiación Forzosa para que, en el plazo de quince días, los interesados puedan formular por escrito, ante esta Demarcación de Carreteras, alegaciones a los solos efectos de subsanar posibles errores que se hayan producido al relacionar los bienes afectados.

Los planos parcelarios y la relación de interesados y de bienes afectados podrán ser consultados en las dependencias anteriormente citadas, en días hábiles y horas de oficina. Asimismo, los citados documentos estarán disponibles en la siguiente dirección de internet: <https://www.mitma.es/el-ministerio/buscador-participacion-publica>.

A Coruña, 20 de junio de 2022.- El Ingeniero Jefe de la Demarcación, Angel González del Río."

Achégase anexo I dos criterios que se levaron a cabo para a corrección da proba de galego.

O secretario do tribunal abre os sobres do suposto práctico cos seguintes códigos:

Códigos	DNI	Puntuación caso práctico
201122	***8867**	18,4
201124	***9690**	19,15
201123	***2112**	19,92

Os membros do tribunal proceden a valorar e cualificar o suposto práctico.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ACORDOU:

Outogar as seguintes puntuacións finais :

DNI	Proba test	Suposto práctico	TOTAL
***2112**	8,3	19,92	28,22
***8867**	8	18,4	26,4
***9690**	7,7	7,7	26,85

O Tribunal por maioría **ACORDOU:**

UNICO .- Propoñer ao alcalde a contratación con Dña María N.S. e DNI: ***2112** como técnica de normalización lingüística formando bolsa cos seguintes aspirantes pola orde indicada que superaron o proceso selectivo pero non obtiveron praza ordenados de maior a menor puntuación :

***9690**	7,7	7,7	26,85
***8867**	8	18,4	26,4

Logo de rematar o prazo de cinco días de alegacións fronte o suposto práctico e cualificacións outorgadas a mesma, o tribunal reunirase para resolvelas, elevándose a definitiva no caso de non habelas, que será publicado no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

O presidente ás 14:40 horas remata a sesión, de todo o cal, eu como secretario ,dou fe.

Arzúa, 20 de novembro de 2024

O presidente
José Benito Novo Díaz

O secretario
Joaquín Vázquez Rodríguez

Vogais
Purificación Galán Boutureira
"

Carlos Rodríguez Pérez

Visto que rematou o prazo de alegacións fronte o suposto práctico e cualificacións outorgadas a mesma.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO- Desestimar as alegacións que veñen reflexadas na acta nº 2 publicada no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa na data do 15/11/2024. e mencionada nos antecedentes de este decreto polos motivos que consta en dita acta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

SEGUNDO- Propoñer o nomeamento de Dña María N.S. e DNI: ***2112** como técnica de normalización lingüística a tempo completo tendo en conta o disposto nas bases da convocatoria e as puntuacións totais:

DNI	Proba test	Suposto práctico	TOTAL
***2112**	8,3	19,92	28,22

TERCEIRO- Conformer unha lista de reserva de prelación de aspirantes nas seguintes especialidades ordeada segundo as calificacións finais do proceso selectivo segundo o disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo que non obtiveron praza ordenados de maior a menor puntuación:

***9690**	7,7	7,7	26,85
***8867**	8	18,4	26,4

CUARTO- Notificar esta resolución a interesada Dña María N.S. e DNI: ***2112**, así como o Departamento de persoal do Concello de Arzúa para que se proceda as sinaturas dos contratos e altas na seguridade social e previamente á sinatura do correspondente contrato, o candidato seleccionado deberá achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de **5 días naturais**, contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:

1º.- Fotocopia do título académico esixido na base 5ª ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

2º.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3º.- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

4º.- Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Arzúa en modelo facilitado polo Concello de Arzúa.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

5º.- Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

6º.- Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.

7º.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a; sen prexuízo dun posterior recoñecemento.

QUINTO-Notificar este decreto ás persoas cuxas alegacións se desestiman no punto primeiro de este resolvo, indicando os recursos que caben contra o mesmo.

SEXTO. Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello este decreto (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>) .

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde

Asdo: XOAN XESUS CARRIL RAMOS.

Dou fe, o secretario

Asdo: ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ